

MOVEMOS A MENTE

"Reminiscencias do Magosto"



A evocación dos recordos é unha técnica terapéutica útil para a conservación da memoria remota. Quen se anima a recordar termos relacionados coa Castaña?

Despraza o nome que corresponde a cada definición e fotografía:

Mazo para abrir os ourizos

Bulló



Flor do castiñeiro

Candea



Castaña cocida coa pela

Ourizo



Envoltura da castaña

Petelo



Castaña pelada e case seca

Zoncho



Onde se poñen as castañas para secar

Lugar poboado de castiñeiros

Castiñeiro vello co tronco oco



castaña

No Courel, paraíso das castañas, o vocabulario é aínda máis rico.

Abarqueira:

A castaña baleira.

Barais:

Duras, mais que adoitan ser moi saborosas.

Picois:

As que se desprezan cando se escollen ou que parten ao debullalas.



Presa: froito dun castiñeiro bo para madeira e que rende moita cantidade de castañas. Dise que estas castañas non son as máis saborosas.

Raigonas:

Son as castañas segundas en caer da árbore; as mellores para comer e as que mellor pelan.



Rañudas:

Alongadas e claras.

Temperás:

Redondas e pequenas, nacen antes cás outras.

Vérdeas:

As máis saborosas e as que máis abundan.



Velliñas:

Son castañas moi escuras e que se debullan mal.

